



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 27 de decembro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
D. Carlos López Font.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1504).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 13 de decembro e extraordinarias e urxente do 14 e 18 de decembro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1505).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL” PARA O ANO 2019. EXPTE. 179223/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/12/18 e o informe xurídico de data 13/12/18, dáse conta do informe-proposta de 12/12/18, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e a concelleira delegada de Política Social, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

I. A Concelleira delegada da Área de Política Social, mediante Resolución de data 11.12.2018 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2019», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social. Lémbrese, ademais, que este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

IV. O Programa desenvólvese no marco xurídico definido pola normativa estatal (L.38/2003, RD.887/2006) e autonómica (L.9/2007) de subvencións públicas e polas Bases de execución do orzamento xeral municipal. Consta dun total de catorce Bases, nas que se regulan polo miúdo os obxectivos, requisitos, obrigas dos beneficiarios, o procedemento de valoración e concesión, a contía das axudas, a forma de aboalas e xustificativas, o crédito dispoñible, etc.

V. O contido deste Programa para 2019 é moi semellante ó dos exercicios anteriores, introducíndose unicamente pequenas modificacións na Base sexta, apdo. 2º (engádese entre os requisitos o da actualización da inscrición no PMH), na Base décimo primeira, apdo. 5 (obriga de comunicar tamén o cambio do teléfono de contacto) e na Base décimo segunda (actualización da cláusula de protección de datos a teor do Regulamento UE 2016/679 e da LO.3/2018) e engandindo o réxime de recursos nunha nova Base décimo cuarta.

VI. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación 480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” (842.000 €) e tamen no funcional 2310 de Benestar Social cóntase coa nº 2310.780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000 €), con cargo á que se viñan concedendo axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).



## Concello de Vigo

VII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2019», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 179223/301).

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 842.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00, para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2019 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares de persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a mobilidade.

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2019»

### **BASES**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo co Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).



## Concello de Vigo

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

## II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2019, no marco xurídico definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

Durante o exercicio de 2018 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 801.379,95 €, co seguinte detalle (datos a 30.11.2018):



## Concello de Vigo

IMPORTES	CONCEPTOS
217.125,07 €	ALUGUER + ALOXAMENTO
306.440,70 €	ALIMENTACIÓN BÁSICA
11.261,64 €	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
27.437,39 €	GAS
73.972,44 €	LUZ
20.565,58 €	AUGA
32.639,96 €	GASTOS PERSOAIS
10.923,50 €	GASTOS DE FARMACIA
11.885,08 €	PRÓTESIS
7.815,87 €	CRÉDITOS HIPOTECARIOS
71.821,09 €	MELLORAS DE HABITABILIDADE
9.491,63 €	DÉBEDAS DE COMUNIDADE

### BASES

#### PRIMEIRA.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

#### SEGUNDA.- Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

#### TERCEIRA.- Formas de pagamento.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante a entrega ás persoas beneficiarias do Programa de cheque bancario, tranferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

#### CUARTA.- Persoas destinatarias.

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

#### QUINTA.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 ("Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios").



## Concello de Vigo

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00 (“*Melloras en fogares*”).

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

### SEXTA.- Requisitos.

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroad/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. **A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.**

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

### SÉTIMA.- Gastos subvencionables e contías máximas.

#### 1. Gastos subvencionables:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.



## Concello de Vigo

- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

### 2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMEN- TOS/ MES	MÁXIMO ALU- GUER/MES	MÁXIMO ANUAL POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	150	225	2400
2	220	325	2850
3	290	350	3250
4	350	400	3550
5	400	450	3850
6 ou máis	450	475	4150

### **(\*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais.**

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.



## Concello de Vigo

### OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola xefa do Servizo e dúas técnicas da Área de Benestar social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán formar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

### NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, acompañada da documentación esixida en cada caso.

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso – membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

### DÉCIMA.- Solicitud de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número 2080 5000 67 3110242616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.





## Concello de Vigo

DÉCIMO PRIMEIRA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. **Comunicar inmediatamente ó Servizo de Benestar Social calquera cambio de domicilio ou de teléfono de contacto.**
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión,



## Concello de Vigo

toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38.2 pfo. 2º das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área de Política Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

DÉCIMO CUARTA.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

### **CONVOCATORIA**

#### **Bases reguladoras.**

As Bases reguladoras do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2019», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº..... do .....

#### **Crédito orzamentario.**

No programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación nº 480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” (842.000 €) e tamén no funcional 2310 cóntase coa nº 780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000 €), con cargo á que se viñan concedendo axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).

#### **Obxecto, finalidade e destinatarios.**

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

O programa de prestacións (non periódicas) diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este



## Concello de Vigo

requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

### **Réxime de concesión.**

O procedemento de concesión destas axudas iníciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, acompañada da documentación esixida en cada caso. A concesión destas axudas realizarase de forma individualizada, previa valoración profesional das traballadoras sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricta suxeición ás súas Bases reitoras.

### **Requisitos.**

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

- 1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.
- 2º.- Residir e estar empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.
- 3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.
- 4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

- a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.).
- b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.
- c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

### **Instrucción e resolución: órganos competentes.**

Correspóndelle ás traballadoras sociais que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade fami-



## Concello de Vigo

liar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

### **Presentación de solicitudes e prazo.**

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas. Virán acompañadas da documentación esixida e presentaranse no modelo oficial (Anexo I). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións – BDNS ata o 31 de decembro de 2019. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

### **Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

### **Recursos.**

Contra o acordo de aprobación das Bases e a convocatoria e contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de



## Concello de Vigo

reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

### **Publicidade.**

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### **3(1506).- CUALIFICACIÓN COMO PROXECTO EMPRESARIAL DE INTERESE MUNICIPAL (PEIM) DO PROXECTO “CENTRO LOXÍSTICO PORTO DE VIGO”. EXPTE. 15783/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 19/12/18, dáse conta do informe-proposta de 18/12/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local de Emprego, e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos dando continuidade a súa actividade de fomento, como medida de apoio ás persoas emprendedoras e en aplicación das políticas activas de emprego no municipio de Vigo, desenvolve o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas e para persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo o programa "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" para este ano 2018.

Doutra banda, o Concello de Vigo, a proposta desta mesma Concellería, aproba en sesión plenaria da Corporación Municipal de data 5 de xuño de 2000, o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contempla., entre outras, axudas á creación de empresas, que ben poden ser a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais. Xurde así o concepto de **Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM)**.

No Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data 29 de abril de 2008, segue a contemplarse o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

Por acordo da Comisión de Goberno de data 4 de setembro de 2000, autorízase a incorporación nas ordenanzas municipais para o ano 2001 de bonificacións, en determinados impostos municipais (IAE, ICOI,...), exención de determinadas taxas municipais (licencia de apertura, lixo industrial), para aqueles proxectos declarados de



## Concello de Vigo

interese municipal, independentemente da súa forma xurídica, que teñana domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

As bonificacións fiscais, para os proxectos de interese municipal, veñen especificados nas Ordenanzas Fiscais para o exercicio 2018, e abarcan os seguintes tributos locais:

- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas (artigo 6.1. “Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%”.
- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre construción, obras e instalacións (artigo 3.6. “As obras,, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderáse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. Os suxeitos pasivos deste imposto .....”.
- Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións (artigo 6. “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes.....”.
- Ordenanza Fiscal Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións (artigo 5.6. “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes.....”).

O programa aprobado ten por obxecto fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben o autoemprego de colectivos específicos con especiais dificultades de acceso ó mundo laboral.

As características dos proxectos empresariais de interese municipal (PEIM), veñen recollidas nas bases reguladoras, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 14 de marzo de 2011, nas que se establecen a regulamentación e características dos “Proxectos PEIM”.

En xeral, os proxectos para poder ser declarados de interese municipal, deben reunir os seguintes requisitos:

- ◆ Viables técnica, económica e financeiramente
- ◆ Xeradores, cando menos, dun posto de traballo estable.
- ◆ Que sexen empresas privadas de nova creación.

Neste contexto José Antonio Pernas Varela, con enderezo Avda. Beiramar, 83 en Vigo, presentou na sede electrónica do rexistro do Concello de Vigo a solicitude de cualificación como PEIM dun proxecto de **Centro loxístico Porto de Vigo**, para dar servizo as diferentes empresas que traballan no sector do peixe conxelado no Norte de España e Portugal.



## Concello de Vigo

O Centro Loxístico Porto de Vigo, constitúese como servizo destinado a dar solución a escasez de loxística de frío no Porto de Vigo, e contribuir a cubrir as necesidades das flotas pesqueiras e empresas transformadoras e comercializadoras da zona norte de España, poñendo o seu servizo instalacións frigoríficas de alta tecnoloxía, que inclúen cámaras totalmente robotizadas e con capacidade para descargar, clasificar e almacenar grandes cantidades de peixe conxelado.

Dada a importancia desta actividade loxística e de almacenamento, nun gran centro de negocio aberto as últimas tecnoloxías que facilitará aos empresarios do sector a organización de eventos (showcooking), as liñas de actuación a desenvolver neste proxecto, a creación de postos de traballo que poderán ampliarse nun futuro, etc., e unha vez acadada a puntuación mínima de 70 puntos segundo o procedemento establecido, reflectido na ficha de valoración do proxecto, dende o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, consideramos que a iniciativa presentada pola para establecemento dun centro loxístico no porto de Vigo, cumpre os requisitos previstos para ser cualificado como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) e polo tanto é susceptible de ser beneficiario das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

- Cualificar como Proxecto de Interese Municipal (PEIM) o proxecto presentado por José Antonio Pernas Varela, para a creación dunha **“Centro loxístico Porto de Vigo,”**, que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de loxística de frío, segundo ficha de valoración.
- Comunicar mediante remisión de copia do acordo de XGL, ás dependencias municipais de Administración de Tributos e Xerencia de Urbanismo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1507).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A “FORMACIÓN CIDADÁ EN NOVAS TECNOLOXÍAS E O USO DE INTERNET NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”. EXPTE. 8235/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/12/18 e o informe xurídico de data 04/12/18, dáse conta do informe-proposta de 03/12/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**



## Concello de Vigo

–Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por a que se transponen al ordenamento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

### ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 3 de setembro de 2018, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación dos SERVIZOS PARA A FORMACIÓN CIDADÁ EN NOVAS TECNOLOXÍAS E O USO DE INTERNET NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, de 3 de setembro de 2018 asinado polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
2. Orde de inicio de 3 de setembro de 2018 do Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 15 de novembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local.
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 15 de novembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
5. Informe do servizo de contratación de data 20 de novembro de 2018, asinado pola xefa do servizo de Contratación.
6. Prego de cláusulas administrativas de data 30 de novembro de 2018, asinado pola xefa do servizo de contratación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado





## Concello de Vigo

de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en resolución de 3 de setembro de 2018, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 131 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (8235/320) por procedemento aberto da "FORMACIÓN CIDADÁ EN NOVAS TECNOLOXÍAS E O USO DE INTERNET NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO".

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 15 de novembro de 2018 e o prego de cláusulas administrativas de 30 de novembro de 2018 que rexirán a contratación da "FORMACIÓN CIDADÁ EN NOVAS TECNOLOXÍAS E O USO DE INTERNET NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO".

3º.- Aproba-lo gasto de 44.963,72 €, para a contratación do servizo de FORMACIÓN CIDADÁ EN NOVAS TECNOLOXÍAS E O USO DE INTERNET NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO con cargo á aplicación orzamentarias 9240 2279907, do presuposto do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:

▪ 2019	22.481,86 €
▪ 2020	22.481,86 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **5(1508).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO R.D. LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BIBLIOTECAS (CASA GALEGA DA CULTURA). EXPTE. 33051/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 19/12/18, dáse conta do informe-proposta de 07/12/18, asinado pola técnica de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- Con data 30/10/2018, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de, entre outros, un/unha subalterno/a por mor da situación existente no Servizo de Bibliotecas, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 26/10/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 04/12/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

##### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



## Concello de Vigo

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del**



## Concello de Vigo

**ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”**

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-subalterno, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.



## Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### IV. III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe da técnico da casa galega da cultura e na solicitude asinada polo Concelleiro delegado da área de cultura de data 30/10/2018, así como na instrución de servizo de data 28/11/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha subalterno/a para o Servizo de Bibliotecas, supón un gasto de **10.888,83 €** (da referida cantidade 887,07 € corresponde a o presente exercicio e 10.001,76 € ao vindeiro exercicio), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.413,52 €** (da referida cantidade 278,09 € corresponde a o presente exercicio e 3.135,43 € ao vindeiro exercicio) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D<sup>a</sup>. R. Prieto Collazo con DNI \*\*\*\*\*401-D, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático



## Concello de Vigo

en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **subalterno/a**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Bibliotecas, contidas no escrito de 30/10/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **10.888,83 €** (da referida cantidade 887,07 € corresponde a o presente exercicio e 10.001,76 € ao vindeiro exercicio), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. R. Prieto Collazo con DNI \*\*\*\*\*401-D, na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscrito/a ao Servizo de Bibliotecas, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,



## Concello de Vigo

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Concelleiro delegado da Área de Cultura, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1509).- SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN DE SILENCIO POSITIVO PRESENTADA POLA EMPREGADA MUNICIPAL NP 82210. EXPTE. 33054/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/12/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

I.- O 04/10/2018 a empregada municipal NP 82210, presenta escrito (nº doc 180160781) solicitando un permiso de maternidade de 20 semanas ao amparo do artigo 121.1 da LFPG.

II.- O 07/11/2018, a solicitante presenta novo escrito (nº doc 180178394) solicitando a estimación da súa solicitude, en base ao artigo 44.2º g) do Acordo Regulador das Condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de Vigo; e ao abeiro do artigo 24.4 da Lei 39/2015, solicita certificación de silencio positivo.



## Concello de Vigo

III.- O 14/11/2018 se lle notificou o seguinte “Vista a súa solicitude de data 04/10/2018 co número de rexistro xeral 180160781 na que solicita permiso retribuído de vinte semanas ininterrompidas por permiso por parto, comunícaselle que:

No permiso por maternidade, o concello de Vigo aplica 18 semanas ininterrompidas, segundo o art. 16,11 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo.”

Mediante Resolución do concelleiro de xestión municipal de data 17/12/2018, desestimouse a solicitude de presentada de 20 semanas de permiso retribuído.

IV.- O artigo 44 do Acordo Regulador das Condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de Vigo cuxa rúbrica dispón “Dereito a que se contesten as peticións” dispón “sen prexuízo da obriga do Concello de resolver expresamente as peticións do seu persoal e ó efecto de adecualas normas reguladoras dos procedementos de xestión de persoal incluídos na aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto á Lei 30/1992, do 26 de novembro, establécense as seguintes normas:

... 20.- As solicitudes formuladas nos seguintes procedementos administrativos de xestión de persoal poderanse entender estimadas unha vez transcorridos, sen que se ditase resolución nos seguintes prazos:

...g) permiso de maternidade ou adopción: 3 días.

O artigo 16 do citado acordo regulador, dedicado aos Permisos retribuídos dispón “A) Concederáse permisos, trala solicitude que se entenderá autorizada se transcorren os días que en cada caso se establece no artigo 44, sen dictarse resolución, polas seguintes causas, que deberán ser xustificadas documentalmente: 11.- Por maternidade: 18 semanas ininterrompidas.”

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### II.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.





## Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### "FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la



## Concello de Vigo

**función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”**

Ao exposto cabe engadir o xa informado na data 07/08/2017 (expte 30375-220) dos motivos polos cales non se aplica a lexislación autonómica de emprego público en materia de permisos e licenzas retribuídas, e cuxos fundamentos xurídicos polo que aquí respecta, reproducimos a continuación: “... A cuestión a dilucidar no presente informe é por tanto a normativa aplicable en materia de permisos e licenzas.

O artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que “Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación de las CCAA, en los términos del artículo 149.1.18 de la Constitución. ...”

Pola súa parte, o artigo 3 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido de Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP), establece que “los funcionarios de las entidades locais se rigen por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto, y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local”.

A tenor do exposto, non cabe dúbida de que os funcionarios locais están sometidos á regulación básica estatal que contempla O TREBEP, pois ó Estado lle corresponde, en virtude do establecido no artigo 148.1.18º CE, a competencia exclusiva para establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos, expresión que debe entenderse referida aos funcionarios de todas Administracións Públicas. Ademais, os funcionarios locais se rexen pola lexislación estatal de réxime local e, no que esta normativa básica non regule, pola lexislación das Comunidades Autónomas.

É o artigo 48 do TREBEP o que regula o réxime xurídico aplicable aos permisos dos funcionarios públicos (de carreira, interinos e eventuais).

A aprobación do Real Decreto 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, modificou o réxime xurídico do emprego público, e as principais novidades introducidas afectaron aos artigos 48 e 50 do TREBEP, en materia de permisos e vacacións dos funcionarios: así, introduciu unha importante modificación no tenor literal do artigo 48, pois elimina o anterior carácter imperativo relativo e supletorio, susceptible de mellora pola oportuna lexislación de desenvolvemento. A versión inicial do EBEP deixaba claro que, en defecto de outra lexislación aplicable, os permisos e súa duración serían “como mínimo” os posteriormente mencionados. En relación con cada un dos permisos, se viña aplicando a normativa que resultase mais favorable, xa fora o TREBEP o a correspondente autonómica. Sen embargo, a redacción vixente suprime o mencionado carácter mínimo e supletorio, mellorable pola oportuna normativa de desenvolvemento (estatal ou autonómica), tanto das causas xustificativas do asueto como súa duración. Fai desaparecer pois a potestade de organización das Administracións Públicas ó respecto.

Agora o precepto 48, así como os que regulan as vacacións, son norma básica de preferente aplicación sobre a correspondente normativa autonómica. Outra cosa é a permisividade, que na práctica, adopten as Administracións na cuestión ante unha dinámica consolidada. O artigo 48 do TREBEP goza desde ese momento de carácter de lexislación básica, quedando homoxeneizados todos os permisos regulados para o conxunto dos



## Concello de Vigo

funcionarios das Administracións Públicas; este carácter básico alcanza o establecemento das vacacións anuais, as cales quedan fixadas en 22 días hábiles, ou aqueles que correspondan proporcionalmente o tempo de servizo durante o ano foi menor.

Xa na resposta do MINHAP a consulta plantexada polo Concello de Vigo sobre o réxime de permisos, vacacións e licencias aplicable ó persoal ó servizo das EELL tras o RD-Lei 20/2012, comunica que “el Real Decreto-Ley ha supuesto la modificación de los artículos 48 y 50 del EBEP (actualmente TREBEP), en materia de permisos y vacaciones de los funcionarios públicos son cuatro:

1. Otorgar el carácter de legislación básica al artículo 48 del Estatuto Básico del Empleado Público, con objeto de homogeneizar los permisos que regula para el conjunto de los funcionarios de todas las Administraciones Públicas.

2. Fijar, también con carácter de precepto básico, las vacaciones anuales únicamente en 22 días hábiles al año, suprimiendo los días adicionales que existían hasta ahora...”, concluíndo que “la nueva regulación consecuencia de la entrada en vigor del Real Decreto Ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad, ha supuesto que los permisos y vacaciones se fijen en la norma con carácter básico y no supletorio como hacía el EBEP, lo que ha permitido homogeneizar y dar un mismo tratamiento a iguales supuestos en las distintas Administraciones Públicas.” Concluíndo en base ao exposto que o artigo 48 do TREBEP relativo ós permisos dos funcionarios públicos, así como o artigo 50 relativo ás vacacións, son norma básica de preferente aplicación sobre a correspondente normativa autonómica.”

### **III.- A obriga de resolver e o silencio administrativo**

O artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula o Silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado.

“1. En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, sin perjuicio de la resolución que la Administración debe dictar en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa, legitima al interesado o interesados para entenderla estimada por silencio administrativo, excepto en los supuestos en los que una norma con rango de ley o una norma de Derecho de la Unión Europea o de Derecho internacional aplicable en España establezcan lo contrario. Cuando el procedimiento tenga por objeto el acceso a actividades o su ejercicio, la ley que disponga el carácter desestimatorio del silencio deberá fundarse en la concurrencia de razones imperiosas de interés general.

El silencio tendrá efecto desestimatorio en los procedimientos relativos al ejercicio del derecho de petición, a que se refiere el artículo 29 de la Constitución, aquellos cuya estimación tuviera como consecuencia que se transfirieran al solicitante o a terceros facultades relativas al dominio público o al servicio público, impliquen el ejercicio de actividades que puedan dañar el medio ambiente y en los procedimientos de responsabilidad patrimonial de las Administraciones Públicas.

El sentido del silencio también será desestimatorio en los procedimientos de impugnación de actos y disposiciones y en los de revisión de oficio iniciados a solicitud de los interesados. No obstante, cuando el recurso de alzada se haya interpuesto contra la desestimación por silencio administrativo de una solicitud por el transcurso del plazo, se entenderá estimado el



## Concello de Vigo

mismo si, llegado el plazo de resolución, el órgano administrativo competente no dictase y notificase resolución expresa, siempre que no se refiera a las materias enumeradas en el párrafo anterior de este apartado.

2. La estimación por silencio administrativo tiene a todos los efectos la consideración de acto administrativo finalizador del procedimiento. La desestimación por silencio administrativo tiene los solos efectos de permitir a los interesados la interposición del recurso administrativo o contencioso-administrativo que resulte procedente.

3. La obligación de dictar resolución expresa a que se refiere el apartado primero del artículo 21 se sujetará al siguiente régimen:

a) En los casos de estimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior a la producción del acto sólo podrá dictarse de ser confirmatoria del mismo.

b) En los casos de desestimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior al vencimiento del plazo se adoptará por la Administración sin vinculación alguna al sentido del silencio.

4. Los actos administrativos producidos por silencio administrativo se podrán hacer valer tanto ante la Administración como ante cualquier persona física o jurídica, pública o privada. Los mismos producen efectos desde el vencimiento del plazo máximo en el que debe dictarse y notificarse la resolución expresa sin que la misma se haya expedido, y su existencia puede ser acreditada por cualquier medio de prueba admitido en Derecho, incluido el certificado acreditativo del silencio producido. Este certificado se expedirá de oficio por el órgano competente para resolver en el plazo de quince días desde que expire el plazo máximo para resolver el procedimiento. Sin perjuicio de lo anterior, el interesado podrá pedirlo en cualquier momento, computándose el plazo indicado anteriormente desde el día siguiente a aquél en que la petición tuviese entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para resolver.”

En canto a obliga de resolver ven regulada no artigo 21 que determina que: “1. La Administración está obligada a dictar resolución expresa y a notificarla en todos los procedimientos cualquiera que sea su forma de iniciación.

En los casos de prescripción, renuncia del derecho, caducidad del procedimiento o desistimiento de la solicitud, así como de desaparición sobrevenida del objeto del procedimiento, la resolución consistirá en la declaración de la circunstancia que concurra en cada caso, con indicación de los hechos producidos y las normas aplicables.

Se exceptúan de la obligación a que se refiere el párrafo primero, los supuestos de terminación del procedimiento por pacto o convenio, así como los procedimientos relativos al ejercicio de derechos sometidos únicamente al deber de declaración responsable o comunicación a la Administración.

2. El plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento.

Este plazo no podrá exceder de seis meses salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en el Derecho de la Unión Europea.

3. Cuando las normas reguladoras de los procedimientos no fijen el plazo máximo, éste será de tres meses. Este plazo y los previstos en el apartado anterior se contarán:

a) En los procedimientos iniciados de oficio, desde la fecha del acuerdo de iniciación.



## Concello de Vigo

b) En los iniciados a solicitud del interesado, desde la fecha en que la solicitud haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para su tramitación...”

Do exposto resulta que a Administración ten a obriga de resolver calquera procedemento administrativo, xa sexa de oficio ou a instancia de parte. O silencio administrativo ten así indubidable importancia no ámbito do Dereito Administrativo xa que logo si os cidadáns efectúan unha petición á Administración, e ésta ten a necesidade de pronunciarse sobre ela, ben admitíndoa o rexeitándoa, coa posibilidade de que o cidadán poda implorar a tutela xudicial en recoñecemento de seu dereito negado pola Administración, por considerar que seu dereito ten amparo legal; bastaría con que a Administración adoptara unha actitude pasiva, de non responder a dita petición, para cerrarlle a posibilidade aos cidadáns de reclamar xudicialmente.

Para evitar esa situación o Lexislador preveu o amparo dos cidadáns ante esa actitude e fai unha declaración, xa dende a propia norma, de que ante a ausencia de decisión expresa pola Administración se presume que se accede ao solicitado ou se denega, segundo os casos, permitindo ao cidadán interesado na decisión adoptar a actitude que máis lle conveña.

A finalidade do esta ficción legal xa se indicaba na Exposición de Motivos da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJPAC) no senso seguinte, o que se reproduce a efectos únicamente ilustrativos “El objetivo de la Ley no es dar carácter positivo a la inactividad de la Administración cuando los particulares se dirijan a ella. El carácter positivo de la inactividad de la Administración es la garantía que se establece cuando no se cumple el verdadero objetivo de la Ley , que es que todos los ciudadanos obtengan respuesta expresa de la Administración y, sobre todo, que la obtengan en el plazo establecido. El silencio administrativo, positivo o negativo, no debe ser un instituto jurídico normal, sino la garantía que impida que los derechos de los particulares se vacíen de contenido cuando su Administración no atiende eficazmente y con la celeridad debida las funciones para las que se ha organizado. Esta garantía, exponente de una Administración en la que debe primar la eficacia sobre el formalismo, sólo cederá cuando exista un interés general prevalente o cuando, realmente, el derecho cuyo reconocimiento se postula no exista”.

A recente sentenza da sala contencioso-administrativo do Tribunal Supremo de 6 de novembro de 2018 (rec.1763/2017) confirma os límites do silencio administrativo positivo nunha dobre vertente, mais alo do disposto explícitamente na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Por un lado, recorda que **no hai solicitude que poda prosperar co silencio ou falta de resposta si non conta cun procedemento específico regulado**. Ou sexa, citando a STS de 28 de febreiro de 2007 (rec.302/2004), considerou que o silencio positivo do art.43 LPAC[...]**no se refiere a solicitudes sino a procedimientos. (...) Claramente se ve que en la mente del legislador estaba el aplicar el régimen de silencio positivo no a cualquier pretensión, por descabellada que fuera, sino a una petición que tuviera entidad suficiente para ser considerada integrante de un determinado procedimiento administrativo. (...) El escenario que contempla el legislador para regular el sentido del silencio no es un escenario de peticiones indiscriminadas a la Administración sino de peticiones que pueden reconducirse a alguno de los procedimientos detectados e individualizados.”**



## Concello de Vigo

### **IV.- Aplicación ao caso concreto.**

No presente caso temos que o 04/10/2018 a empregada municipal NP 82210, presenta escrito (nº doc 180160781) solicitando un permiso de maternidade de 20 semanas ao amparo do artigo 121.1 da LFPG. Neste escrito, a solicitante obvia o artigo 16 do Acordo regulador que establece un permiso de maternidade de 18 semanas interrompidas.

O 07/11/2018, a solicitante presenta novo escrito (nº doc 180178394) solicitando en base ao artigo 44.2º g) do Acordo Regulador das Condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de Vigo, a estimación do escrito inicial, presentado o 04/10/2018, e certificación de silencio positivo ao abeiro do artigo 24.4 da Lei 39/2015.

En definitiva, a empregada municipal NP 82210 invocando o artigo 44 do Acordo Regulador, pretende que se lle estime o escrito presentado o 04/10/2018, no que solicita 20 semanas de permiso de maternidade, obviando o artigo 16 do Acordo que establece 18. E por último ao abeiro do artigo 24.4 da Lei 39/2015, solicita certificado de silencio positivo.

Significar que o 14/11/2018 xa se lle notificou que en relación ao “permiso por maternidade, o concello de Vigo aplica 18 semanas ininterrompidas, segundo o art. 16.11 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo.”, ditándose resolución do concelleiro de xestión municipal de data 17/12/2018, desestimatoria da solicitude presentada de 20 semanas de permiso retribuído.

Entendo que de ningún xeito cabe acceder ao solicitado no documento nº 180178394 de data 07/11/2018, xa que logo o que pretende a solicitante e utilizar a figura do silencio administrativo, para que se lle recoñeza un dereito que como quedou exposto nos fundamentos anteriores, non lle corresponde. O único que establece o Acordo regulador é un permiso de maternidade de 18 semanas, que se entende autorizado se transcorren os días establecidos no artigo 44 (3 días). Este Acordo nin pode nin pretende modificar o prazo máximo de tres meses para notificar a resolución expresa dos procedementos que establece a Lei 39/2015 (artigo 21), e elo, en atención aos principios constitucionais de legalidade e xerarquía normativa establecidos no artigo 9.3 da Constitución española de 1978; e moito menos pode amparar a posibilidade de utilizar a figura do silencio administrativo para que se recoñezan dereitos que non establece o convenio nin a normativa aplicable na materia que nos ocupa.

Por último se informa a solicitante que na sesión de data 08/08/2012, da Mesa Xeral de Negociación colectiva, se fai entrega ao Presidente da Mesa e para a súa incorporación ó acta da sesión, dunha Comunicación do contido do Real Decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e fomento da competitividade, sen que conste que fose a mesma obxecto de impugnación.

### **V.- Réxime competencial e proposta de acordo.**

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.



## Concello de Vigo

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Desestimar a solicitude presentada na data 07/11/2018 , pola empregada municipal NP 82210 (nº doc 180178394).

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á solicitante, e á Xefa de Negociado de Persoal-Seguridade Social e ao Inspector de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1510).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO PROXECTO “SUBSTITUCIÓN ABASTECIMENTO EXISTENTE POR NOVA CONDUCCIÓN DE POLIETILENO TRAMO ENTRE O Nº 171 DA AVDA. DE GALICIA E O COLEXIO SAN SALVADOR DE TEIS”. EXPTE. 1977/440.**

Dáse conta do informe-proposta do 18/12/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e



## Concello de Vigo

Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

**III.-** Con data 26 de xullo de 2013, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños emitiu informe sobre a necesidade de iniciar a renovación das redes de abastecemento e saneamento da parroquia de Teis; informe a vista do cal o Concelleiro da Área de Fomento con data 29 de Xullo de 2013, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto, que deu lugar á Resolución da Xunta de Goberno de 2 de agosto de 2013, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis”, incluíndo o mesmo dentro das inversións a realizar no plan de investimentos da concesionaria.

**IV.-** De conformidade con este Acordo, a Concesionaria presentou en febreiro de 2014 o Proxecto para a “Renovación de redes de Abastecemento e Saneamento na Parroquia de Teis. Fase I” que define as obras necesarias para a renovación das canalizacións nas rúas Espiñeiro, Avda. Mariña Española, rúa Oliveira, rúa Toural de Abaixo, rúa Coutadas e Camiño Cancelo. Posteriormente, se presentaron os Proxectos das Fases II de renovación de redes de Abastecemento e Saneamento na Parroquia de Teis (marzo de 2014) e Fase III de Renovación da rede de Saneamento da Avenida de Galicia (decembro de 2016).

**V.-** Con data 9 de novembro de 2018, a empresa Aqualia presenta, como outra fase da actuación “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis”, o proxecto de “SUBSTITUCIÓN DE ABASTECIMENTO EXISTENTE POR NOVA CONDUCCIÓN DE POLIETILENO TREITO ENTRE O Nº 171 DE AVDA. DE GALICIA E O COLEXIO SAN SALVADOR DE TEIS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, con sinatura dixital de 01/10/2018, que ten un orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E TRES MIL CENTO TRINTA E UN EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (53.131,14 EUROS) e CORENTA e TRES MIL NOVECENTOS DEZ EUROS CON TRES CÉNTIMOS (43.910,03 Euros), sen IVE. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento. Esta actuación pola súa ubicación e natureza está comprendida dentro do alcance da encomenda para a “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis”, poidéndose identificar como Fase IV.

**VI.-** Con data 9 de novembro de 2018, a Concesionaria presentou o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 8.614,11 euros, IVE excluído, que foron informados favorablemente, en data 13 de novembro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.





## Concello de Vigo

**VII.-** Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2018 se acordou a aprobación do Proxecto e custos asociados ao mesmo para a SUBSTITUCIÓN DE ABASTECIMENTO EXISTENTE POR NOVA CONDUCCIÓN DE POLIETILENO TREITO ENTRE O Nº 171 DE AVDA. DE GALICIA E O COLEXIO SAN SALVADOR DE TEIS” por importes de 43.910,03 euros (IVE excluído) e 8.614,11 euros (IVE excluído), respectivamente.

**VIII.-** En data 29 de novembro de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.977/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 36.899,19 €
- Presuposto de contrata: 43.910,03€ (IVE excluído).
- Prazo de execución: 1 mes.
- Data inicio obra: El día de la firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESINPRO
- Dirección de obra D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: D<sup>a</sup>. Rebeca Galiñanes Fernández

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada **da tramitación do seguinte expediente** SUBSTITUCIÓN DE ABASTECIMENTO EXISTENTE POR NOVA CONDUCCIÓN DE POLIETILENO TREITO ENTRE O Nº 171 DE AVDA. DE GALICIA E O COLEXIO SAN SALVADOR DE TEIS”, **cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da** Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**8(1511).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS IMPAGADAS. EXPTE. 39273/700.**



## Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta do 17/12/18, asinado polo tesoureiro municipal, que di o seguinte:

O Xefe de Administración do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo (IMD) do Concello de Vigo, remíte a esta Tesourería en data 21 de novembro de 2018 :

- Expediente 2548-611: liquidación de **SOCIEDADE DEPORTIVA OCTAVIO** (N.I.F. G36907384) por importe de **5.764,75** euros por uso de instalacións deportivas correspondente ós adestramentos e/ou partidos ata o 31 de maio de 2018 notificada en periodo voluntario, regulamentariamente conforme os artigos 109 e 112 da Lei Xeral Tributaria, 58/2003, de 17 de decembro e transcorridos os prazos de ingreso e de solicitude de aprazamento sen que se efectuará ningún dos procedementos indicados se require desa TESOURERIA - RECADACION para que o SR. TESOUREIRO DICTE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.
- Expediente 2549-611: liquidación de **CORUJO FC** (N.I.F. G36708212) por importe de **4.285,48** euros por uso de instalacións deportivas correspondente ós adestramentos e/ou partidos ata o 31 de maio de 2018 notificada en periodo voluntario, regulamentariamente conforme os artigos 109 e 112 da Lei Xeral Tributaria, 58/2003, de 17 de decembro e transcorridos os prazos de ingreso e de solicitude de aprazamento sen que se efectuará ningún dos procedementos indicados se require desa TESOURERIA - RECADACION para que o SR. TESOUREIRO DICTE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.
- Expediente 2550-611: liquidación de **UNION BALONMAN LAVADORES** (N.I.F. G36810075) por importe de **8.095,31** euros por uso de instalacións deportivas correspondente ós adestramentos e/ou partidos ata o 31 de maio de 2018 notificada en periodo voluntario, regulamentariamente conforme os artigos 109 e 112 da Lei Xeral Tributaria, 58/2003, de 17 de decembro e transcorridos os prazos de ingreso e de solicitude de aprazamento sen que se efectuará ningún dos procedementos indicados se require desa TESOURERIA - RECADACION para que o SR. TESOUREIRO DICTE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.
- Expediente 2551-611: liquidación de **CLUBE UNION FS** (N.I.F. G27758598) por importe de **251,25** euros por uso de instalacións deportivas correspondente ós adestramentos e/ou partidos ata o 31 de maio de 2018 notificada en periodo voluntario, regulamentariamente conforme os artigos 109 e 112 da Lei Xeral Tributaria, 58/2003, de 17 de decembro e transcorridos os prazos de ingreso e de solicitude de aprazamento sen que se efectuará ningún dos procedementos indicados se require desa TESOURERIA - RECADACION para que o SR. TESOUREIRO DICTE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.



## Concello de Vigo

**En consecuencia , propónse a XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:**

Quedar enteirada das seguintes liquidacións que se remiten a esta TESOURERIA para que o Sr. Tesoureiro dicte a correspondente providencia de constrinximento que unha vez notificadas o obrigado tributario inicie o cobramento pola vía de constrinximento sobre o patrimonio dos obrigados o pago con arranxo ó procedemento regulado na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación.

TITULAR	NIF	EXPEDIENTE	IMPORTE
<b>SOCIEDADE DEPORTIVA OCTAVIO</b>	G36907384	Expediente 2548-611	5.764,75 €
<b>CLUBE UNION FS</b>	G27758598	Expediente 2551-611	251,25 €
<b>UNION BALONMAN LAVADORES</b>	G36810075	Expediente 2550-611	8.095,31 €
<b>CORUJO FC</b>	G36708212	Expediente 2549-611	4.285,48 €
		<b>TOTAL</b>	<b>18.396,79 €</b>

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **9(1512).- SOLICITUDE DE CONFORMIDADE PARA A TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL A PASAXE (1ª FASE). EXPTE. 5225/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 14/12/18, asinado pola a vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I. Con data 01.04.2008, a Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de Gondomar, a xunta de propietarios de terreos incluídos no ámbito do Plan Especial de Reforma Interior A Pasaxe e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vincios, suscribiron un protocolo de acordo para o desenvolvemento do polígono industrial de A Pasaxe, impulsando a súa xestión e urbanización ao abeiro da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal

II. Con data 05.05.2011, o Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o Proxecto



## Concello de Vigo

sectorial do polígono industrial de "A Pasaxe", en Gondomar e Vigo, a promover pola empresa pública Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A. O polígono figura, así mesmo, con (código dá área 36021011), no documento refundido do Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 30.04.2014

III. O día 15.09.2016, o Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente a modificación do dito proxecto sectorial (DOG nº. 187, do 30.09.2016), alterando, no que agora interesa, o proceso de xestión e urbanización do solo, definíndose o ámbito como un sector único dividido en dous polígonos. Para o primeiro deles fíxase o sistema de cooperación e establécese como entidade promotora ao Concello de Gondomar. No segundo polígono, a obter por expropiación, a entidade promotora é a empresa pública Xestión do Solo de Galicia, S.A. (documento I: Memoria Descritiva, punto 1.5). Ambos polígonos esténdense, en parte, sobre o terreos sitios no Concello de Vigo.

V. Con data 17.10.2018, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 180166889) a notificación da resolución de data 06.09.2018 do Alcalde do Concello de Gondomar pola que se aprobaron definitivamente os estatutos da Asociación administrativa de cooperación da fase I do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do polígono industrial A Pasaxe.

VI. O día 07.12.2018, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo a solicitude asinada en data 04.12.2018 polo Alcalde do Concello de Gondomar instando do Concello de Vigo a súa conformidade para a tramitación e posterior aprobación (inicial e definitiva) do proxecto de reparcelación, así como para a contratación das obras de urbanización da fase I e, engade, todo elo de que no momento da achega a este concello de proxecto de reparcelación se lle de traslado dunha copia do mesmo e igualmente se lle remitan as distintas resolucións e acordos que se adoptan ao longo do procedemento, á marxe das que lle correspondan pola súa condición de interesado no mesmo, en virtude do principio de colaboración interadministrativa (arts. 4 Lei 40/2015, do 1 de outubro e 10 LRBRL).

VII. Considerando a firmeza do acordo autonómico polo que se aprobou definitivamente a modificación do nomeado proxecto sectorial e que de acordo co establecido no artigo 23.2 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, o nomeado instrumento de ordenación do territorio identifica ao Concello de Gondomar como entidade promotora da 1ª fase.

VIII. Considerando os principios de colaboración que deben rexer as relacións entre administracións públicas, así como a necesaria coordinación entre ambas administracións que debe existir para o desenvolvemento da actuación definitivamente aprobada.

IX. Considerando que parte das obras de urbanización contempladas no nomeado proxecto sectorial deberán ser executadas (previa reparcelación) dentro de terreos situados no termo municipal de Vigo e posteriormente cedidas a esta administración e, considerando, así mesmo, que non corresponde ao Concello de Vigo (entidade non promotora da actuación) o mesmo nivel de protagonismo nin de responsabilidade nas actuacións proxectadas, sen con elo descoñecer as competencias que ten normativamente atribuídas.

X. Considerando o establecido no artigo 11.2 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de formento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia para o suposto de proxectos de urbanización que deban ser executados en terreos que afecten a máis dun municipio.



## Concello de Vigo

XI. Considerando que a competencia para aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización debe considerada residenciada na Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en virtude do establecido no artigo 127.1d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a proposta do Consello da XMU, de acordo co establecido no artigo décimo dos estatutos da XMU.

Polo anterior, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Prestar conformidade á tramitación administrativa referida na solicitude asinada 04.12.2018 polo Alcalde do Concello de Gondomar (doc. 180166889) que deberá desenvolverse respectando o ámbito competencial do Concello de Vigo e a normativa de aplicación, instrumentando para elo os mecanismos de colaboración necesarios entre ambas administracións, debendo solicitarse do Concello de Vigo a conformidade ou aprobación daqueles instrumentos que afecten ao ámbito das súas competencias.

**SEGUNDO:** Comunicar este acordo ao Concello de Gondomar.

### **PROPOSTA DA VICEPRESIDENTA DA XMU**

I. Con data 01.04.2008, a Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de Gondomar, a xunta de propietarios de terreos incluídos no ámbito do Plan Especial de Reforma Interior A Pasaxe e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vincios, suscribiron un protocolo de acordo para o desenvolvemento do polígono industrial de A Pasaxe, impulsando a súa xestión e urbanización ao abeiro da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

II. Con data 05.05.2011, o Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o Proxecto sectorial do polígono industrial de "A Pasaxe", en Gondomar e Vigo, a promover pola empresa pública Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A. O polígono figura, así mesmo, con (código da área 36021011), no documento refundido do Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 30.04.2014.

III. O día 15.09.2016, o Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente a modificación do dito proxecto sectorial (DOG nº. 187, do 30.09.2016), alterando, no que agora interesa, o proceso de xestión e urbanización do solo, definíndose o ámbito como un sector único dividido en dous polígonos. Para o primeiro deles fíxase o sistema de cooperación e establécese como entidade promotora ao Concello de Gondomar. No segundo polígono, a obter por expropiación, a entidade promotora é a empresa pública Xestión do Solo de Galicia, S.A. (documento I: Memoria Descritiva, punto 1.5). Ambos polígonos esténdense, en parte, sobre o terreos sitos no Concello de Vigo.

V. Con data 17.10.2018, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 180166889) a notificación da resolución de data 06.09.2018 do Alcalde do Concello de Gondomar pola que se aprobaron definitivamente os estatutos da Asociación administrativa de cooperación da fase I do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do polígono industrial A Pasaxe.



## Concello de Vigo

VI. O día 07.12.2018, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo a solicitude asinada en data 04.12.2018 polo Alcalde do Concello de Gondomar instando do Concello de Vigo a súa conformidade para a tramitación e posterior aprobación (inicial e definitiva) do proxecto de reparcelación, así como para a contratación das obras de urbanización da fase I e, engade, todo elo de que no momento da achega a este concello de proxecto de reparcelación se lle de traslado dunha copia do mesmo e igualmente se lle remitan as distintas resolucións e acordos que se adoptan ao longo do procedemento, á marxe das que lle correspondan pola súa condición de interesado no mesmo, en virtude do principio de colaboración interadministrativa (arts. 4 Lei 40/2015, do 1 de outubro e 10 LRBRL).

VII. Considerando a firmeza do acordo autonómico polo que se aprobou definitivamente a modificación do nomeado proxecto sectorial e que de acordo co establecido no artigo 23.2 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, o nomeado instrumento de ordenación do territorio identifica ao Concello de Gondomar como entidade promotora da 1ª fase.

VIII. Considerando os principios de colaboración que deben rexer as relacións entre administracións públicas, así como a necesaria coordinación entre ambas administracións que debe existir para o desenvolvemento da actuación definitivamente aprobada.

IX. Considerando que parte das obras de urbanización contempladas no nomeado proxecto sectorial deberán ser executadas (previa reparcelación) dentro de terreos situados no termo municipal de Vigo e posteriormente cedidas a esta administración e, considerando, así mesmo, que non corresponde ao Concello de Vigo (entidade non promotora da actuación) o mesmo nivel de protagonismo nin de responsabilidade nas actuacións proxectadas, sen con elo descoñecer as competencias que ten normativamente atribuídas.

X. Considerando o establecido no artigo 11.2 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia para o suposto de proxectos de urbanización que deban ser executados en terreos que afecten a máis dun municipio.

XI. Considerando que a competencia para aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización debe considerada residenciada na Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en virtude do establecido no artigo 127.1d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a proposta do Consello da XMU, de acordo co establecido no artigo décimo dos estatutos da XMU.

Polo anterior, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Prestar conformidade á tramitación administrativa referida na solicitude asinada 04.12.2018 polo Alcalde do Concello de Gondomar (doc. 180166889) que deberá desenvolverse respectando o ámbito competencial do Concello de Vigo e a normativa de aplicación, instrumentando para elo os mecanismos de colaboración necesarios entre ambas administracións, debendo solicitarse do Concello de Vigo a conformidade ou aprobación daqueles instrumentos que afecten ao ámbito das súas competencias.

**SEGUNDO:** Comunicar este acordo ao Concello de Gondomar.



## Concello de Vigo

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de urbanismo en sesión ordinaria do 20/12/18 acorda, por unanimidade, elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **10(1513).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO AUTOESCALEIRA AUTOMÁTICA DE SALVAMENTO EN ALTURA DE 39 METROS PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 5473/213.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta da proposta de data 26/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de decembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### **4.- Apertura económica (proposta de clasificación)**

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autoescaleira automática de salvamento en altura de 39 metros para o servizo de bombeiros (5.473-213)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dun



## Concello de Vigo

vehículo autoescaleira automática de salvamento en altura de 39 metros para o servizo de bombeiros (5.473-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	100

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1514).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez